

PROVIDENCIA - MEMORIA DE INCOACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN 2023/C003/000019

OBRA DENOMINADA “TERCEIRA PARTE DA RENOVACIÓN DE INSTALACIÓN DE ILUMINACIÓN EXTERIOR DE CURTIS”

Expediente	<p>Contratación da obra denominada "Terceira parte da renovación de instalacións da iluminación exterior de Curtis"</p> <p>Actuación subvencionada ao abeiro do Real Decreto 692/2021, do 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para investimentos a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (PROGRAMA DUS 5000), no marco do Programa de Rexeneración e Reto Demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.</p> <p>Proxecto financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU, no marco del Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.</p>
Asunto	Incoación do expediente

Segundo o disposto no artigo 26.1.a) Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, un servizo obrigatorio en todos os municipios é a prestación do servizo de iluminación pública.

Tendo en conta o estado actual que presentan as instalacións de iluminación exterior deste concello, así como os datos de consumo e os custos da enerxía eléctrica, e co obxectivo de prestar este servizo dunha maneira máis eficiente poñendo en marcha medidas de aforro enerxético, resulta preciso continuar avanzando no camiño iniciado hai varios anos por este concello para lograr una mellora da iluminación exterior en todo o termo municipal.

Con este obxectivo solicitouse, ao abeiro do Real Decreto 692/2021, do 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para investimentos a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (PROGRAMA DUS 5000), no marco do Programa de Rexeneración e Reto Demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, unha subvención para por en marcha a terceira parte da renovación de instalacións da iluminación exterior de Curtis.

O 19/01/2023 (RE nº 20230000000114) recibíuse a resolución do director xeral do IDAE de concesión dunha axuda por importe de 1.002.000,28 € para a execución do proxecto denominado “Terceira parte da renovación de instalacións de iluminación exterior de Curtis” estando integrado o dito proxecto polas seguintes actuacións:

- Execución da obra
- Redacción do proxecto técnico
- Dirección de obra
- Coordinación de seguridade e saúde
- Estudos enerxéticos das instalacións

Como paso necesario e previo para a contratación da execución das obras, tramitouse o correspondente contrato menor do servizo de redacción do proxecto da obra. En cumprimento do dito contrato a empresa adxudicataria entregou o proxecto denominado “**Terceira parte da renovación de instalacións de iluminación exterior en Curtis**”, asinado o 18/10/2023 polo enxeñeiro técnico industrial, Juan Manuel Álvarez Sampedro, cun orzamento total, IVE incluído, de 1.128,596,50 €,

O redactor do proxecto, o enxeñeiro técnico industrial Juan Manuel Álvarez Sampedro, expón no mesmo a seguinte xustificación da súa NON DIVISIÓN EN LOTES:

“1.15 XUSTIFICACIÓN DA NON DIVISIÓN EN LOTES

Hai varias circunstancias que aconsellan non dividir en lotes as actuacións reflectidas neste proxecto:

- *O Concello desexa ter un stock de seguridade para substituír luminarias que sufran algún tipo de incidencia. Se se dividise por lotes, non sería viable ter este stock de seguridade xa que non se dispón nin de espazo nin recursos económicos suficientes para ter moitas referencias distintas en stock.*
- *Manexar moitas referencias de equipos de iluminación dificultaría a formación técnica do persoal de mantemento do Concello.”*

Á vista do anterior, iníciase o expediente de contratación da obra e **ORDENO**:

PRIMEIRO.- Que se realicen as actuacións precisas para a contratación das actuacións contidas no proxecto denominado “**Terceira parte da renovación de instalacións de iluminación exterior en Curtis**”, asinado o 18/10/2023 polo enxeñeiro técnico industrial, Juan Manuel Álvarez Sampedro, cun orzamento total, IVE incluído, de 1.128,596,50 €, mediante procedemento aberto con pluralidade de criterios de adxudicación (criterios dependentes dun xuízo de valor e criterios cuantificables mediante a mera aplicación de fórmulas).

SEGUNDO.- Que se emitan os correspondentes informes pola Secretaría-intervención deste concello.

TERCEIRO.- Publicar, en cumprimento do disposto nos artigos 63.3.a) e 116 da LCSP, a presente providencia-memoria no perfil do contratante.

Documento asinado dixitalmente na data que consta á marxe

O alcalde

Javier Fco. Caínzos Vázquez